CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA PILOTO DE INCLUSIÓN ACADÉMICA DAS PERSOAS PROCEDENTES DO SISTEMA DE PROTECCIÓN DE MENORES DA XUNTA DE GALICIA (PIAS).

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no *Diario Oficial de Galicia* por Resolución de 1 de abril de 1991.

E doutra, Carmen García Mateo, reitora magnífica da Universidade de Vigo, con NIF Q8650002B, nomeada segundo o Decreto 66/2026 do 22 de xuño, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 117, do 25 de xuño de 2026 de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no *Diario Oficial de Galicia* nº 38, do 22 de febreiro do 2019, con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

As dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ostenta competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo e en virtude de dita competencia aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Segundo. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Terceiro. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

materia de asistencia social conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica Así, correspóndelle á dita consellería a través da Dirección Xeral competente en materia de familia e infancia exercer as políticas autonómicas en materia de acción social e de apoio á familia, á infancia e á adolescencia así como protexer e tutelar ás persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil; na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, así como executar as medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Cuarto. Que a Universidade de Vigo é unha entidade pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo do Sistema Universitario e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia. Está estruturada nos campus de Vigo, Pontevedra e Ourense.

Que no artigo 1 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, do Consello da Xunta de Galicia (DOG do 22 de febreiro de 2019), recóllese entre as súas competencias o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

No seu artigo 2 establécese como un dos fins primordiais da Universidade de Vigo contribuír no progreso e benestar da sociedade mediante a produción, a transferencia e a aplicación práctica do coñecemento e a proxección social da súa actividade, con especial atención á realidade de Galicia, á súa cultura e á súa lingua.

A Universidade de Vigo ten como unha meta no seu Plan estratéxico 2021-2026 "captar alumnado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria" e elaborar un plan de atención á diversidade que garanta a igualdade de oportunidades na comunidade universitaria.

Son obxectivos estratéxicos determinados a partir dos fins recoñecidos nos seus estatutos, a transmisión dos valores superiores de convivencia, igualdade e o apoio permanente ás necesidades especiais das persoas, fomentando a paz e o respecto á diversidade.

Quinto. Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade ten na Estratexia Horizonte 2030 de inclusión social de Galicia como fin fundamental "previr as situacións de risco de pobreza e exclusión social asociadas a perfís vulnerables" e "propón liñas de acción orientadas a evitar a desprotección das persoas cando saen dun proceso de institucionalización".

Con este obxectivo proxéctase unha liña de actuación dirixida ao reforzo dos recursos de acompañamento e atención integrada ás persoas con idade a partir dos 17 anos que están ou estiveron no sistema de protección de menores da Xunta de Galicia, unha estratexia que, no obxectivo operativo 4.2.2. do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, determina a educación como o impulso pola inclusión social e laboral das persoas vulnerables. Esta educación garante a igualdade de oportunidades, a integración activa e de acceso aos servizos públicos para a poboación vulnerable.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

Sexto. Que a Universidade de Vigo, a través da Facultade de Educación e Traballo Social, ten como plan estratéxico promover unha política de responsabilidade social en relación coa atención á diversidade, a cuxo efecto ten previsto desenvolver un programa piloto de inclusión académica das persoas con idade a partir dos 17 anos en situación de vulnerabilidade social por provir do sistema de protección de menores da Xunta de Galicia.

A Universidade de Vigo ten previsto desenvolver un programa dirixido ao fomento da educación superior das persoas con idade a partir dos 17 anos que están ou estiveron no sistema de protección de menores da Xunta de Galicia.

Este programa oriéntase á educación integral e procura a satisfacción do dereito á educación superior. Para o seu desenvolvemento proporcionaranse as ferramentas axeitadas para a súa difusión e continuidade, có obxectivo de que nun futuro se execute en todos os centros educativos da Universidade de Vigo e posteriormente se estenda ao resto de facultades e escolas do Sistema Universitario de Galicia.

Sétimo. Que a Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade de Vigo recoñecen a necesidade de promover a inclusión social e o acceso á educación superior das persoas con idade a partir dos 17 anos que están ou estiveron suxeitas a unha medida de protección de garda ou tutela ditada pola Xunta de Galicia, derivada dunha situación de risco ou desamparo.

A estes efectos a Universidade de Vigo porá en marcha un programa piloto de inclusión académica a través do cal desenvolverá accións formativas dirixidas aos profesionais do sistema de protección á infancia e adolescencia da Xunta de Galicia. O obxectivo destas accións formativas será o de reforzar as súas competencias e coñecementos en materia de acompañamento e orientación para a inclusión académica das persoas procedentes do sistema de protección.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

Tendo en conta, por un lado a especificidade do programa obxecto de subvención a través deste convenio, o colectivo ao que vai dirixido, e por outro, a ausencia de entidades alternativas no ámbito territorial de aplicación que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade considéranse razóns que acreditan o seu interese social e queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia pública en aplicación do artigo 19.4.c) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Polo exposto, as partes comparecentes na representación que ostentan acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. ***Obxecto e actuacións subvencionables***

Este convenio ten por obxecto a concesión directa dunha subvención pública por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a favor da Universidade de Vigo para o desenvolvemento dun programa piloto de inclusión académica có que se pretende favorecer o acceso e a permanencia na educación superior das persoas con idade a partir dos 17 anos que están ou estiveron suxeitas a unha medida de protección de garda ou tutela ditada pola Xunta de Galicia.
O programa desenvolverase na Facultade de Educación e Traballo Social do campus de Ourense.

Son subvencionables, sempre que se realicen e xustifiquen dentro do período de vixencia do presente convenio, as seguintes actuacións:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

a) Desenvolvemento de actuacións individualizadas de información, orientación académica, acompañamento e seguimento socioeducativo das persoas participantes no programa, tanto na fase previa de acceso á universidade como durante a súa permanencia nos estudos superiores.
Estas actuacións incluirán, entre outras medidas:

- Asesoramento sobre acceso e matrícula universitaria
- Apoio na planificación do itinerario académico
- Detección de necesidades específicas de apoio educativo ou social
- Coordinación co profesorado e cos servizos universitarios competentes
- Titorización personalizada
- Seguimento continuado do proceso de integración e adaptación ao ámbito universitario.

Estas actuacións serán desenvolvidas e coordinadas polo profesorado responsable do programa de inclusión e acompañamento social da Universidade de Vigo e pola Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo.

b) Desenvolvemento de medidas de apoio e orientación en relación co acceso ás bolsas e axudas ao estudo convocadas pola Universidade de Vigo, facilitando ao alumnado destinatario a información, asesoramento e acompañamento nos correspondentes procedementos administrativos, co obxectivo de favorecer a igualdade de oportunidades no acceso e continuidade dos estudos universitarios.

Neste marco, a Universidade de Vigo contará con medidas específicas de acción positiva dirixidas ao alumnado procedente do sistema público de protección de menores da Xunta de Galicia.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

En particular, nas convocatorias de bolsas e axudas ao estudo propias da Universidade de Vigo, este alumnado beneficiarase dunha valoración compensatoria consistente na asignación de dous puntos adicionais sobre a nota media do expediente académico para os efectos de valoración das solicitudes, co fin de favorecer condicións de maior equidade respecto do conxunto do alumnado e compensar as situacións de vulnerabilidade social e educativa derivadas da traxectoria vital deste colectivo.

Así mesmo, a Universidade de Vigo promoverá medidas de apoio residencial para o alumnado destinatario do programa mediante a habilitación de prazas e bolsas residenciais nas residencias universitarias, en función da dispoñibilidade e das convocatorias correspondentes.

c) Organización de actividades formativas, espazos de coordinación e accións de sensibilización dirixidas ao persoal da Universidade de Vigo, ás entidades do terceiro sector e aos profesionais do sistema de protección á infancia e adolescencia, orientadas ao reforzo das competencias en materia de inclusión educativa, atención á diversidade e acompañamento do alumnado procedente do sistema de protección.

d) Realización de obradoiros, actividades de extensión universitaria e accións de transferencia de coñecemento orientadas á promoción da inclusión social, a igualdade de oportunidades e a sensibilización sobre a realidade da mocidade extutelada e en situación de vulnerabilidade social e destinadas ás persoas maiores de idade procedentes do sistema de protección de menores da Xunta de Galicia.

SEGUNDA. ***Persoas beneficiarias do programa***

As persoas beneficiarias do programa son mozas e mozos a partir dos 17 anos de idade que están ou estiveron suxeitos a unha medida de protección

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

de garda ou tutela ditada pola Xunta de Galicia no exercicio das súas competencias, derivada dunha situación de risco ou desamparo.

O programa ten como finalidade acompañar a estas persoas no proceso de transición á vida adulta e no itinerario de acceso á universidade, mediante actuacións de información, orientación académica, asesoramento, acompañamento e seguimento socioeducativo.

Así mesmo, no marco do programa desenvolveranse accións formativas e de asesoramento dirixidas ao persoal profesional do sistema de protección á infancia e adolescencia e ao persoal da Universidade de Vigo implicado no acompañamento e atención do alumnado destinatario, co obxectivo de reforzar a coordinación institucional e mellorar os mecanismos de apoio ao colectivo beneficiario.

TERCEIRA. ***Compromisos da Universidade de Vigo***

1. Para poder ser beneficiaria da axuda, a Universidade de Vigo deberá cumprir os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as obrigas previstas no artigo 11 da antedita lei, entre os que se atopan:

a) Realizar as actuacións que conforman o programa obxecto de subvención ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, así como acreditar a súa realización e o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa regulamentaria de desenvolvemento e, no disposto neste convenio.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

b) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas a través deste convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de fiscalización e control financeiro, que poidan realizar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control, para o que se facilitará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no marco deste convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións da programación obxecto da concesión da subvención a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

h) No deseño e desenvolvemento do programa e das actuacións obxecto da concesión da subvención a través do presente convenio incorporarase de xeito transversal, o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

CUARTA. ***Medios persoais***

O desenvolvemento das actuacións obxecto de subvención a través deste convenio levarase a cabo polo persoal designado pola Universidade de Vigo, incluíndo o profesorado responsable do programa de inclusión académica do alumnado en situación de vulnerabilidade na Facultade de Educación e Traballo Social do campus de Ourense, así como pola persoa titular da dirección da Unidade de Diversidade, que actuará como referencia funcional e de coordinación institucional.

A imputación de gastos de persoal con cargo ao convenio limitarase exclusivamente ao tempo de dedicación efectiva ás actividades obxecto da subvención, debidamente identificado e diferenciado das funcións ordinarias que o dito persoal desempeñe no marco da súa relación laboral ou estatutaria coa Universidade de Vigo, e sempre de conformidade coa normativa aplicable en materia de subvencións e xustificación do gasto.

QUINTA. ***Orzamento***

Para o financiamento da execución do programa obxecto deste convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará á Universidade de Vigo a cantidade de cinco mil euros (5.000,00€), destinados a cubrir os gastos derivados das actuacións previstas na cláusula primeira.

O dito financiamento imputarase á aplicación orzamentaria 08.02.312B.444 (código de proxecto 2016 00174) dos orzamentos xerais da Comunidade

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código. CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

Autónoma de Galicia para o ano 2026, na que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte aos compromisos derivados do presente convenio.

SEXTA. ***Forma de pagamento***

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

- Ata o 80% do total concedido (4.000,00€) poderase facer efectivo mediante pagos parciais a conta da liquidación definitiva na medida en que a entidade beneficiaria xustifique a realización da actividade e os gastos e pagos realizados. A este respecto, a entidade beneficiaria queda exonerada de constituír as garantías ás que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4 f) do dito decreto.

- O 20% restante (1.000,00€) farase efectivo unha vez xustificada a realización da totalidade das actividades subvencionadas.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, no seu caso.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código. CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

SÉTIMA. ***Xustificación de gastos***

De conformidade co disposto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establécese como data límite do prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio o 10 de decembro de 2026.

Considerarase efectivamente realizado e pagado o gasto correspondente ao persoal cando se xustifique mediante certificación emitida pola Universidade de Vigo na que se detalle a dedicación horaria efectiva ao programa, debidamente diferenciada da actividade ordinaria do persoal participante, así como a imputación económica correspondente, acompañada, de ser o caso, dos extractos ou certificacións bancarias que acrediten o aboamento das retribucións.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio realizarase unha vez finalizadas todas as actuacións subvencionables, mediante a achega da seguinte documentación conforme ao previsto no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución do programa a subvencionar a través deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización, resultados obtidos e valoración cualitativa das mesmas, número de persoas beneficiarias en cada actuación e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actuacións realizadas, que conterá:

1º. Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

2º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acredora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3º. Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan, con cargo ao presente convenio, gastos de desprazamento derivados de realizar os servizos deste proxecto que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.

4º. Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade beneficiaria.

5º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actuacións que conforman o proxecto subvencionado a través deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

6º. Se fora o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

c) En canto ós custes salariais: Deberá presentar, referida a mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación para a realización das actuacións comprendidas dentro do programa subvencionado que deberá indicar os seguintes datos para cada unha delas: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF da persoa traballadora, base do IRPF, retribución líquida e bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código. CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado ao convenio.

2. Nóminas e xustificantes de pago.

3. Os documentos "Relación Nominal de Traballadores" (RNT) e "Relación de Liquidación de Cotizacións" (RLC) correspondentes aos meses imputados.

4. Impresos de liquidación do IRPF, modelos 111 (retencións a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes a xustificación entregada.

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario que acredite o seu pagamento.

Non obstante o anterior, cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación. A entidade queda obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso en período voluntario.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

OITAVA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacio-

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

nais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria da subvención.

NOVENA. ***Información básica sobre protección de datos persoais***

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa da subvención a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-dedereitos.

O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais.

DÉCIMA. *Comisión mixta de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Universidade de Vigo, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade designada pola persoa titular da Dirección Xeral Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou persoa que a supla de acordo co establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A comisión reunirase polo menos dúas veces ao ano; unha tras a sinatura deste convenio e outra tras a remisión da memoria xustificativa. Ademais reunirase tantas veces como sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

DÉCIMO PRIMEIRA . *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

Non obstante, as actuacións subvencionadas a través do presente convenio que realizase a Universidade de Vigo dende o 1 de xaneiro de 2026 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO SEGUNDA. ***Causas de resolución e efectos***

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.

- A aplicación dos fondos a fins distintos daqueles que motivaron a concesión da subvención.

- O transcurso do tempo fixado sen que se execute o gasto obxecto da subvención.

- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fóra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos intereses de demora devengados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

DÉCIMO TERCEIRA . *Réxime xurídico*

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fose expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso- administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO CUARTA . *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 4

e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A Conselleira de Política Social e Igualdade	A reitora da Universidade de Vigo
Fabiola García Martínez	Carmen García Mateo

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO

CADRO DE DESAGREGACIÓN DO GASTO

CONCEPTO	
Dedicación de persoal UVigo- 140 horas - PDI na Área de Teoría e Historia de la Educación do Departamento de Análisis e Intervención Psicosocioeducativa: - Dirección da Unidade de Diversidade:	4.200,00 euros
Outros gastos: materiales, desprazamentos e outros	800 euros
TOTAL	**5.000,00 euros**

Asinado por: GARCIA MARTINEZ, FABIOLA
Cargo: Conselleira
Data e hora: 22/10/2026 13:06:04

Asinado por: GARCÍA MATEO, MARIA CARMEN
Cargo: Reitora (Universidade de Vigo)
Data e hora: 20/10/2026 14:08:01

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dFdCwAbTHLo6 https://sede.xunta.gal/cve